



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA CONSISTORIAL, XOVES 25 DE OUTUBRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 13:35 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS:

SECRETARIA / INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 27/09/2018 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN DA 1ª FASE DO POS+ ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL

Pola secretaria dáse conta da circular telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 2269 en data 02/10/2018, sobre aprobación da primeira fase do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2018 por maior achega provincial, e que este concello ten incluído o investimento Reforma viais de Saamil, Vilanova, Piñeiro e outros por importe de 90.428,47 euros. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE LEVANTA CONDICIÓN E SE APROBA DEFINITIVAMENTE O INVESTIMENTO DO CONCELLO DE BOIMORTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018: REFORMA DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE SENDELLE (CAMPO DE FÚTBOL E LUGAR DE PIÑEIRO).



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 2270 en data 02/10/2018, na que se resolve considerar cumpridas as condicións ás que foron sometidos e aprobar definitivamente o investimento deste concello incluído no POS+ 2018, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento:

Concello	Denominación investimento	Deputación	Total	Condición cumprida
BOIMORTO	Reforma de abastecemento na parroquia de Sendelle (campo de fútbol e lugar de Piñeiro	49.675,72	49.675,72	Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Autorización de Augas de Galicia

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE LEVANTA CONDICIÓN E SE APROBA DEFINITIVAMENTE O INVESTIMENTO DO CONCELLO DE BOIMORTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018: REFORMA CALLE GÁNDARA E SUMINISTRO MOBILIARIO URBANO.

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 2271 en data 02/10/2018, na que se resolve considerar cumpridas as condicións ás que foron sometidos e aprobar definitivamente o investimento deste concello incluído no POS+ 2018, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento:

Concello	Denominación investimento	Deputación	Total	Condición cumprida
BOIMORTO	Reforma calle Gándara e suministro mobiliario urbano	210.625,23	210.625,23	Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Ratificación Pleno municipal modificación solicitude

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE LEVANTA CONDICIÓN E SE APROBA DEFINITIVAMENTE O INVESTIMENTO DO CONCELLO DE BOIMORTO INCLUÍDO NA PRIMEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 1/2018: REFORMA VIAIS DE SAAMIL, VILANOVA, PIÑEIRO E OUTROS.

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 2272 en data 02/10/2018, na que se resolve considerar cumpridas as condicións ás que foron sometidos e aprobar definitivamente o investimento deste concello incluído na primeira fase do POS+ Adicional 1/2018, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Concello	Denominación investimento	Deputación	Total	Condición cumprida
BOIMORTO	Reforma viais de Saamil, Vilanova, Piñeiro e outros	90.428,47	90.428,47	Autorización Augas de Galicia

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN DA 2ª E DERRADEIRA FASE DO POS+ ADICIONAL 1/2018 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL

Pola secretaria dáse conta da circular telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 2273 en data 02/10/2018, sobre aprobación da segunda e derradeira fase do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2018 por maior achega provincial, e que este concello ten incluído o investimento Reforma de viais nos lugares de Arosa e Ribeiro por importe de 39.187,06 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO POS + 2019 (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

Pola secretaria dáse conta da circular telemática enviada dende o servizo de xestión de plans da Deputación Provincial, con rexistro de entrada neste concello co número 2353 en data 09/10/2018, sobre a aprobación das bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS + 2019, sinalando as cantidades asignadas a este concello que figuran na seguinte táboa:

CONCELLO	BOIMORTO			Préstamo provincial 2019	TOTAL POS+ 2019
Achega provincial 2019	Achega provincial 2018		Total Achega provincial 2018		
	Asignación	Baixas/Anulación			
215.951,37	92.839,08	54.150,13	146.989,21	148.313,77	511.254,35

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE CONCEDE DE OFICIO UNHA PRÓRROGA NO PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE TODOS OS INVESTIMENTOS PENDENTES DE ADXUDICAR INCLUÍDOS NO POS+ 2018

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada dende o servizo de xestión de plans da Deputación Provincial, con rexistro de entrada neste concello co número 2446 en data 17/10/2018, na que se resolve conceder de oficio unha prórroga do prazo de adxudicación ata o 30 de xuño de 2018 a todos os concellos con investimentos pendentes de adxudicar incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+ 2018).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA A



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

CONCESIÓN DUNHA PRÓRROGA PARA A XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016 – PLAN ADICIONAL – 1ª FASE

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada dende o servizo de desenvolvemento territorial e medio ambiente da Deputación Provincial, con rexistro de entrada neste concello co número 2445 en data 17/10/2018, na que resolve acceder ao solicitado por este concello e aprobar a concesión dunha prórroga ata o 30.06.2018 para a execución e xustificación da subministración dunha desbrozadora incluída no Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016-Plan adicional 1ª fase.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.9.- RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL CONCESIÓN ANTICIPO DA OBRA INCLUÍDA NO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019

Pola secretaria dáse conta da notificación de resolución recibida a través de notifica da Xunta de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 2388 en data 11/10/2018, ditada polo director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, na que resolve realizar un pagamento anticipado ao Concello de Boimorto por importe de 29.387,58 €uros da axuda concedida no Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ASUNTOS PARTICULARES

2.2.1.- SOLICITUDE DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO SOLICITANDO PERMISO PARA DISPOÑER DUNHA TELEVISIÓN NO LOCAL SOCIAL DE ARCEO

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado no rexistro telemático do concello o presidente da Asociación de veciños de Arceo, con rexistro de entrada número 201899900000033 en data 09/10/2018, no que expón que contan cunha subvención da Deputación da Coruña para equipamento e mobiliario para o local social de Arceo e SOLICITA:

<<Permiso para ter unha TV fixa no local social e facer toda a instalación que sexa necesaria para o funcionamento correcto da mesma (instalación de antena, cableado e enchufe)>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**

Primeiro.- Autorizar o uso de TV no local, facendo a instalación para o mesmo, tendo en conta que desta instalación revertirá en propiedade do Concello.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado aos efectos oportunos.

2.2.2.- SOLICITUDE DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO SOLICITANDO LOCAL ANEXO A ESCOLA UNITARIA DE ARCEO

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado no rexistro telemático do concello o presidente da Asociación de veciños de Arceo, con rexistro de entrada número 201890000000409 en data 18/10/2018, no que expón que contan cun numeroso material como bancos, tableiros, cabaletes, incluso 2 parrillas e outros útiles, que están a ocupar un importante espazo dentro da escola e SOLICITA:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

<<Que dende o concello se faga un local anexo a escola para resgardar dito material, e que non se teña que acceder a mesma cada vez que se utilice.

En caso de non ser posible economicamente por parte do concello facer o mesmo, intentariamos dende a asociación a execución do mesmo, pero sempre que o concello nos facilite o proxecto e permisos necesarios para tal fin.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**
Primeiro.- Ter en conta as necesidades de ampliación do local para futuras inversións e xestionar a obtención de subvencións polo Concello para poder asumir dita inversión.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado aos efectos oportunos.

2.2.3.- SOLICITUDE DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO SOLICITANDO ARRANXO DA FONTE SITA NO LUGAR DE SANTARANDEL (ARCEO)

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado no rexistro telemático do concello o presidente da Asociación de veciños de Arceo, con rexistro de entrada número 201890000000410 en data 18/10/2018, na que expón o deterioro existente no acondicionamento da fonte sita no lugar de Santarandel, obras financiadas pola Deputación Provincial mediante convenio de colaboración asinado co concello e SOLICITA:

<<Que se reparen, entendemos aínda en garantía, as zoas executadas de forma regular, compactando ben a base, e colocando os respectivos bordes de contención, sellando adecuadamente.

Que se construa unha rexa para o canle de desagüe con ancho entre ranuras inferior a 32 mm para que non se colen ramas ou follas, e teña unha resistencia sobre o canal que se asenta mínimo de D400 para que se poida andar por encima.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**
Primeiro.- Ter en conta dita solicitude, solicitando os servizos administrativos a comprobación da garantía da obra.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado aos efectos oportunos.

2.2.4.- ESCRITO PRESENTADO POR D. JUAN MANUEL ALVAREZ PENICHE COMPLEMENTANDO O ESCRITO PRESENTADO O 20 DE SETEMBRO DE 2018 SOBRE DEFICIENCIAS NO PARQUE PÚBLICO DA GÁNDARA

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Juan Manuel Álvarez Peniche, con rexistro de entrada neste concello co nº 2340 en data 08/10/2018 no que expón que no escrito presentado o 20 de setembro de 2018 con número de rexistro de entrada 2178 sobre deficiencias no parque público da Gándara faltaba presentar fotos de todo e no cal se reitera en todos os seus puntos e ampliao en dous puntos mais, farolas con cristais rotos e muro que rodea o parque se move e parcheado con cinta americana e ademais require a este concello para que se lle facilite certificados das revisións, SOLICITA:

<<Certificados anuais, en época donde o terreo este máis seco e certificados unha vez cada cinco anos onde o terreo non sexa favorable.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**
ÚNICO.- Solicitar informe aos servizos municipais.

3.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA PARA UN GARAXE SITO EN IGLESIA (BOIMIL)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 983, con data 14/05/2018, presentada por D. Genaro García Guerra, DNI núm. 46904858S con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Angueiro nº 11 – Ánxeles, 15816 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga para un garaxe situado no lugar de Iglesia, da parroquia de Boimil, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 26/09/2018

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Genaro García Guerra, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para un garaxe sito no lugar de Iglesia, parroquia de Boimil, deste termo municipal, sempre para uso non residencial nin para actividade que necesite licenza.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

4.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DA VIVENDA SITA EN BOAVISTA (DORMEÁ)

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 749 con data 13/04/2018, presentada por D. Enrique Manuel Gómez Ferrer, DNI núm. 33466863T con domicilio a efectos de notificacións en C. Generalitat 10, La Jana, 12340 Castellón, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Boavista, da parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 3/10/2018

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Enrique Manuel Gómez Ferrer, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Boavista da parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

5.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS DA VIVENDA SITA EN BOAVISTA (DORMEÁ)

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 749 con data 13/04/2018, presentada por D. Enrique Manuel Gómez Ferrer, DNI núm. 33466863T con domicilio a efectos de notificacións en C. Generalitat 10, La Jana, 12340 Castellón, na que solicita a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no lugar de Boavista, da parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 3/10/2018

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora pola taxa da rede de sumidoiros artigo nº 5.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Enrique Manuel Gómez Ferrer, autorización para conexión á rede de sumidoiros para a vivenda sita no lugar de Boavista da parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

6.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA PARA UN LOCAL ADICADO A PERRUQUERÍA NA RÚA GÁNDARA Nº 50 BAIXO DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 1838, con data 27/07/2018, presentada por Dna. Silvia Mourazos García, DNI núm. 78806498B con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Pastoriza nº 7 – Lema, Arzúa, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga para o local destinado a uso de perruquería na rúa Gándara nº 50, baixo, do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Visto o informe do técnico municipal de data 15/10/2018

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dna. Silvia Mourazos García, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para un local destinado a uso de perruquería na rúa Gándaea nº 50, baixo, do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

7.- LICENZA DE EDIFICACIÓN REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE VILAR Nº 2 (SENDELLE)

Queda sobre a mesa sendo necesario aclaracións técnicas por non ter claro a secretaria o cumprimento do artigo 40 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

8.- LICENZA DE EDIFICACIÓN REHABILITACIÓN E ADAPTACIÓN PARA USO HOSTALEIRO DO PAZO DE VIEITE (BOIMORTO)

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de D. Fernando Chueca Aguinaga con DNI nº 50795011V e con domicilio a efectos de notificacións en C/ Ruíz de Alarcón, 13-4º, 28014 Madrid, actuando en representación da entidade Valdeazores, S.L. con CIF: B28257749, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 2.147 en data 13/09/2018, para realizar as obras de rehabilitación e adaptación para uso hoteleiro do Pazo de Vieite, parroquia de Boimorto, referencia catastral do inmovible: 001200100NH76A0001OE consonte ao proxecto básico e execución achegado coa solicitude, redactado polo arquitecto D. Rafael Manzano Martos, colexiado nº 635, do colexio oficial de arquitectos de Sevilla, visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de solo rústico especialmente protexido, nas súas categorías de patrimonio (o pazo está catalogado co código BO2, cun grao de protección II-estrutural), agropecuaria e augas, si ben, as obras localízanse fora da zona de policía de augas.

Con data 23/10/2018, número de rexistro de entrada 201899900000038, D. Fernando Chueca Aguinaga en representación de Valdeazores, S.L. presenta documentación complementaria.

Consta no expediente informe turístico-previo relativo ao cumprimento dos requisitos mínimos de infraestrutura servizos para establecementos hoteleiros de data 02/10/2018 emitido pola área provincial da Coruña da Axencia de Turismo de Galicia no que informa favorablemente o proxecto, pendente da concesión da Dispensa, relativa á non colocación de ascensor, sendo a clasificación turística proposta: Grupo I: hotel; Categoría: dúas estrelas; Modalidade: con comedor.

Vista a resolución de data 3/10/2018 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, rexistro de entrada 201890000000399 en data 04/10/2018, autorizando as obras, coas condicións sinaladas no informe do Consello Territorial de Patrimonio Cultural de Galicia da Coruña, xustificándose o seu cumprimento na documentación complementaria presentada no concello o 23/10/2018.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

(Expediente número: 406/18).

Visto que no expediente consta autorización da xefatura territorial da Consellería de Medio Rural emitido en data 22 de outubro de 2018, sen condicións, con rexistro de entrada no Concello co número 2492 de 23/10/2018.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 23/10/2018 dos servizos técnicos municipais emitido por D. Manuel Carro López.

Visto o informe de Secretaría de 25/10/2018 e as advertencias sinaladas nel.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a D. Fernando Chueca Aguinaga en representación de Valdeazores, S.L., para executar as obras de rehabilitación e adaptación para uso hoteleiro do Pazo de Vieite, parroquia de Boimorto (solo rústico), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

- Con anterioridade ao inicio das obras deberá achegar os oficios de dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde.

- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais e baixo os condicionantes recollidos no punto 2 dos antecedentes e consideracións técnicas da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 03/10/2018 (expediente 406/18), quedando condicionada á Dispensa sinalada no informe turístico.

- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo, destacando as prazas de aparcamento que son 22 se manteñan ou localicen dentro da mesma parcela por agrupación ou segregación.

- De conformidade co disposto no artigo 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Informarlle ao interesado que unha vez realizadas as obras para as que se lle



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

concede licenza de obra e antes da posta en funcionamento da actividade, a mesma estaría sometida a comunicación previa, polo que deberá tramitala segundo o disposto no artigo 36 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014, utilizando o modelo CP-001. Ademais presentárase o informe a que fai referencia o artigo 11 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, ou ben, xustificárase o establecido no punto 3 do mesmo artigo.

CUARTO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 792.023,32 €uros.

Liquidación: 15.840,47 €uros.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a D. Fernando Chueca Aguinaga indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

9.- LICENZA DE PARCELACIÓN DA FINCA UBICADA NA ESTRADA AC-234 – VILANOVA – BOIMORTO SOLICITADA POR D. LUÍS VERA VÁZQUEZ EN REPRESENTACIÓN DA MERCANTIL VERA, S.L.

Neste punto, sendo as 14:08 horas, auséntase o concelleiro D. Luís Rico Vereá, por ter relación familiar en aplicación do artigo 23.2.b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Vista solicitude presentada (con entrada en data 21/09/2018 nº 201899900000028) por D. Luís Vereá Vázquez en representación de Vereá, S.L. acompañada de proxecto de parcelación carretera AC-234 Vilanova, Boimorto-A Coruña con referencia catastral 1321406NH7612S000LD redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Ángel Sánchez-Toscano Rial, colexiado número 12.503.

A parcela está cualificada no PXOM como solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva e solo rústico de protección agropecuaria, conta cunha superficie de 11.836 m2.

Con data 27 de setembro de 2018 os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións.

Con data 16 de outubro de 2018, número de rexistro 201899900000035, D. Luís Vereá Vázquez presentou ante o concello "Modificado proxecto parcelación" redactado polo mesmo técnico.

Consta no expediente Resolución sobre unha actuación no Camiño de Santiago (expediente 2018/1409) emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio con data 10/10/2018 na que considera compatible a parcelación coa protección do patrimonio e conservación dos valores do Camiño.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza de parcelación dos servizos técnicos municipais asinado por D. Manuel Carro López en data 24/10/2018 e fundamentado o informe no artigo 11 e 100 do PXOM de Boimorto e no artigo 150 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

Visto o informe de secretaría que consta no expediente de data 25/10/2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de parcelación a D. Luís Vereá Vázquez en representación de Vereá, S.L. para parcelar a parcela con referencia catastral 1321406NH7612S000LD, cunha superficie total de 11.836 m2 en:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

PARCELA 0R, CESIÓN VIARIO		
Solo Urbano, sistema local viario		
Condicións	PXOM	Proxecto
Parcela mínima	-	1.058,55 m ²
Fronte mínimo a vía pública	-	-
Edificabilidade máxima	-	-
Ocupación máxima	-	-
Recuamentos a lindeiros	-	-
Altura máxima	-	-
Observacións: Parcela de cesión ao concello para regularización do viario, na Rúa Sobreira, de dominio e uso público		

PARCELA 1R, 5.574,75 m²		
Solo urbano, Edificación Extensiva		
Condicións	PXOM	Proxecto
Parcela mínima	300 m ²	1.757,90 m ²
Fronte mínimo a vía pública	8 m.	30 m.
Edificabilidade máxima	1,0 m ² / m ²	-
Ocupación máxima	60 %	-
Recuamentos a lindeiros	3,0 m.	-
Altura máxima	B+1	-
Solo rústico de protección agropecuaria		
Condicións	LSG	Proxecto
Parcela mínima	2.000 m ²	3.816,85 m ²
Ocupación máxima	20 %	-
Recuamentos a lindeiros	5,0 m.	-
Altura máxima	B+1	-
Observacións:		

PARCELA 2R		
Solo urbano, Edificación Extensiva		
